

**b) DA ADMINISTRACIÓN
LOCAL**

CONCELLO DA CORUÑA

Anuncio.

O Concello Pleno, en sesión do día 6 de abril de 1995, acordou aproba-lo reaxuste do Plan Especial de Reforma Interior da Maestranza, derivado da implantación do trazado definitivo do paseo marítimo.

O que se fai público para xeral coñecemento.

A Coruña, 24 de abril de 1995.

P.D.
O alcalde

O expediente quedará á disposición de calquera que desexe examinalo na unidade de obras e urbanismo para formula-las alegacións que consideren oportunas.

Narón, 5 de abril de 1995.

Xoán Gato Díaz
Alcalde



**CONCELLO DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

Anuncio de concurso.

Objeto: prestación do servicio de atención ó público na oficina de información municipal.

Tipo de licitación: 7.462.500 ptas., IVE incluído.

Prazo de ejecución: 6 meses.

Forma de licitación: realizarase mediante o sistema de concurso.

Lugar e prazo de presentación das proposicións: presentaranse no rexistro xeral do Concello de Santiago de Compostela (A Coruña) de 9 a 14 horas dentro do prazo de vinte días hábiles, a partir da publicación deste anuncio no BOE. Igualmente poderán presentarse por correo con anuncio de remisión o mesmo día ó concello mediante telegrama (artigo 100 do RXCE). As proposicións conterán a documentación e requisitos exisidos no prego.

Apertura de plicas: a apertura de plicas terá lugar na Casa do Concello ás doce horas do quinto día hábil seguinte ó termo do prazo de presentación das proposicións.

Fianza definitiva: 4% do importe de adxudicación.

Modelo de proposición:

D/D... con domicilio en... provincia de... con DNI nº... en nome (propio ou da empresa que represente) con CIF... informado do anuncio publicado o día..., e das condicións e requisitos que se esixen para a licitación e adxudicación de... pola cantidade en ptas., pola que se compromete a propoñente a execución dos traballos.

Para tódolos efectos, a presente oferta comprende non só o prezo do contrato como tal, senón tamén o importe do imposto sobre o valor engadido.

...., ... de... de 199...

(Sinatura e selo do propoñente)

Pregos e documentación: poderán ser consultados na sección Servicios-Contratación do Concello de Santiago de Compostela.

Reclamacións: simultaneamente a este anuncio de licitación expóñese ó público o prego de condiciones

CONCELLO DA GUARDA

Edicto do 24 de abril de 1995 polo que se notifica a aprobación inicial do plan de iniciativa particular Plan Parcial Sup número 7 de Saa, sector 1, representado por instancia de Inmobiliaria Visaxe e outros.

Publicado no DOG nº 44 do 3 de marzo de 1995 o edicto correspondente a citada aprobación e non coñecéndose o propietario da parcela nº 45 do citado sector, polo presente edicto e de conformidade co disposto no artigo 139.2º do Regulamento de planeamiento urbanístico, artigo 106.116º e ss. do R.D.L. 1/1992, polo que se aproba o texto refundido sobre o réxime do solo e ordenación urbana, así como de conformidade co disposto no artigo 58.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise a citada notificación con carácter xeral; podendo o citado propietario, no prazo de un mes, contado a partir da presente notificación examina-lo expediente e formular as alegacións que coide oportunas.

A Guarda, 24 de abril de 1995.

Purificación Álvarez Álvarez
Alcaldesa

CONCELLO DE NARÓN

Anuncio.

O Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 31 de marzo, aprobou inicialmente o proxecto de urbanización da rúa Enlace estrada de Castela-Fonte da Cruz e Avda. Sta. Icía, redactado polo arquitecto Juan I. Rey-Cabarcos Vázquez e promovido por *Construcciones Vilaboy Galicia, S.L.* e outros.

Esponse ó público durante o plazo de quince días, contados a partir do da publicación deste anuncio